

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

05 SET. 2018

Núm. 10699

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

- 1.1 33859 (10/POC-005321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a prestación do servizo de comedor por Grupo GESCOR e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir o correcto funcionamento dos comedores escolares
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 34083 (10/POC-005392)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte do goberno municipal de Ribeira e as medidas que debe adoptar a Xunta para restituír a fórmula legal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.3 34285 (10/POC-005444)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre o peche de escolas unitarias e aulas no rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.4 34612 (10/POC-005479)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a situación do castro da Coroa, en Chavaga, logo dos traballos de retirada de madeira queimada da zona como consecuencia da vaga de lumes de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA
05 SET. 2018
Núm.10699.....

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2018 16:50:01

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33859(10/POC-005321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a prestación do servizo de comedor por Grupo GESCOR e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir o correcto funcionamento dos comedores escolares

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33859
Data envío: 27/07/2018 14:06:56.213

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a prestación do servizo de comedor polo Grupo GESCOR e as medidas que debe adoptar o goberno galego para garantir o correcto funcionamento dos comedores escolares

A ANPA Raiante do CEIP Gándara Sofán de Carballo remitiu un escrito ao Servizo de Xestión de Comedores escolares dos centros docentes non universitarios da Xunta de Galiza para denunciar as continuas irregularidades e incidencias na prestación do servizo de comedor por parte do Grupo GESCOR ao longo do curso 2017/2018.

Entre as denuncias atópase o retraso continuado no pagamento das nóminas ás traballadoras do comedor –cuestión que se repite noutros centros nos que opera esta empresa de catering (A Silva e Buño); débedas a provedores e empresas de servizos técnicos; irregularidades no cobro ás familias usuarias do servizo e mesmo deficiencias nos menús.

As denuncias non se limitan ao CEIP Gándara Sofán, tamén a ANPA do CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño denunciou publicamente que as monitoras do comedor tiveron que pagar do seu peto manteis, panos de mesa, vasoiras e fregonas porque a empresa non forneceu de material suficiente o servizo cando xa comezara o curso.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33859
Data envío: 27/07/2018 14:06:56.213

Pola súa banda, unha das empresas proveedoras de pan, a panadería Vázquez da Capilla, da Silva, fixo público a través dos medios de comunicación que padeceron retrasos nos pagamentos do pan desde o comezo e que levan sen cobrar o produto desde febreiro de 2018.

Alén de que as irregularidades antes citadas deberan ser razón suficiente para retirar a concesión do servizo ao Grupo GESCOR, os feitos denunciados evidencian as consecuencias da privatización da xestión de boa parte dos comedores escolares galegos a partir de 2013. Así o denunciaron tamén desde ANPAS GALEGAS que veñen reclamando, como tamén desde o BNG, a recuperación da xestión pública directa deste servizo fundamental.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cantos comedores escolares foron concesionados ao Grupo GESCOR en Galiza no curso 2017/2018?
- Ten constancia a Xunta de Galiza das irregularidades e deficiencias detectadas na prestación do servizo de comedor escolar por parte do Grupo GESCOR na Costa da Morte?
- E nos centros doutras comarcas?
- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar o Goberno galego ao respecto?
- Continúa o Grupo GESCOR a prestar o servizo de comedor nos devanditos centros da Costa da Morte no curso 2018/2019?
- Pensa a Xunta de Galiza recuperar a xestión pública directa dos comedores escolares actualmente concesionados a empresas privadas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33859
Data envío: 27/07/2018 14:06:56.213

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2018 13:54:06

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2018 13:54:13

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2018 13:54:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33859
Data envío: 27/07/2018 14:06:56.213

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2018 13:54:18

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2018 13:54:20

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2018 13:54:22

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 34083(10/POC-005392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte do goberno municipal de Ribeira e as medidas que debe adoptar a Xunta para restituír a fórmula legal

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira e as medidas que debe adoptar a Xunta para restituír a fórmula legal.

O goberno do Concello de Ribeira vén incumprindo de maneira sistemática, durante décadas, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos, contén tamén a base legal para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente."

Do mesmo xeito, as institucións públicas deben aterse ao establecido no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente coas entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG, 25/03/2003) onde se recolle que o nome do municipio é "Ribeira".

Neste senso, o goberno local vén de instalar dous letreiros co nome de "Riveira" en dúas rotondas da vila. A instalación destes letreiros correu a conta das arcas municipais e custou: 3.328,84€.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34083
Data envío: 01/08/2018 11:22:42.540



Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que opinión lle merece ao Goberno galego que o Concello de Ribeira incumpra a Lei de Normalización Lingüística de 1983?
- E que se financie con diñeiro público cartellaría e sinalética con toponimia deturpada?
- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza para garantir o seu cumprimento?
- De non ter adoptado ningunha, pensa facelo?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34083
Data envío: 01/08/2018 11:22:42.540

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:19:35

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:19:39

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:19:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:19:44

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:19:46

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:19:48

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 34285(10/POC-005444)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o peche de escolas unitarias e aulas no rural

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34285
Data envío: 02/08/2018 14:30:05.790



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao peche de escolas unitarias e aulas no rural.

Fai tempo que o Partido Popular decidiu dismantelar a educación guiado polo convencemento de que se trata dun gasto e non dun investimento necesaria no futuro da xente moza e do propio país.

O ano pasado, o Goberno da Xunta pechou varios centros en O Porriño, Ribadavia, As Pontes e Outes, confiando en que a calma chicha do verán ocultase o seu novo recorte á ensinanza. Non foi así. O conxunto da comunidade educativa opúxose á súa decisión por considerala unha nova agresión á educación pública. Porén, isto non impediu que a Consellería de Educación, comandada por Román Rodríguez, fulminase finalmente os centros, estafando ás familias –que xa decidirán un lugar de estudo para os seus fillos/as– e vulnerando os dereitos laborais do profesorado –que non souberon ata o último momento que tiñan que cambiar de destino–.

Agora, o Partido Popular acomete un novo recorte á educación pública, atacando ao elo máis feble da cadea: as escolas unitarias cuxo cometido é o de garantir unha formación próxima e de calidade aos rapaces e rapazas que habitan espazos baleirados polo desleixo do Goberno.

A Consellería de Educación resolveu pechar a Escola de Educación Infantil de Apeadeiro, no concello coruñés de Cambre, e a de Solbeira, en Paderme de



Allariz, Ourense, alegando que non contan cun número suficiente de alumnos, xa que en cada un dos centros so hai matriculados tres rapaces e rapazas. A Consellería decidiu, así mesmo, suprimir 74 unidades en centros escolares de educación infantil, primaria e especial, e anular 19 clases que foran habilitadas para afrontar subidas do número de alumnos.

O peche das escolas unitarias reviste especial gravidade porque contribúe a precarizar, aínda máis, os servizos públicos aos que ten acceso a cidadanía, dificultando que esta poida desenvolver proxectos de futuro e comprometendo a posibilidade de fixar ao territorio a nosa cada vez máis minguante poboación. O peche das escolas unitarias non afecta só a seis rapaces e rapazas; non afecta só as súas familias, que terán que buscar novas maneiras de organizar as súas rutinas; afecta ao modelo de país que queremos. Ao recortar en educación, o Partido Popular compromete o futuro do noso territorio e insiste na expulsión das novas xeracións. Isto é algo que non nos podemos permitir.

Vimos de coñecer que a natalidade en Galicia acadou mínimos históricos o pasado ano. Os 18.312 nacementos do ano pasado supoñen a cifra máis baixa dende que existe rexistros históricos. O número descendeu un 4% respecto do exercicio anterior. Fronte a isto, contabilizáronse un total de 31.600 defuncións.

Os nacementos concéntranse sobre todo nos concellos próximos ás capitais e principais cidades do eixo atlántico, o que significa que o interior rural de Galicia continúa esmorecendo. Mentres que en Pontevedra e A Coruña houbo, respectivamente, 6.876 e 7.689 nacementos, en Ourense e Lugo só se produciron 1.683 e 2.064 partos.

Isto non sucede por casualidade. Galicia mingua porque as políticas do Partido Popular son incapaces de garantirlles ás familias as condicións mínimas para



asentarse e gozar dunha vida digna. Para reverter o devalo demográfico é prioritario investir nos servizos públicos, e, moi especialmente, na educación. Ningunha parella vai decantarse por formar unha familia se non ten xeito de educar as súas crianzas sen que iso desbarate por completo as súas vidas.

É por iso que, mentres haxa rapaces e rapazas, ningunha escola unitaria debería pechar, xa que ademais de cumprir a función educativa que lles corresponde, reforzan a continuidade da poboación local. Se unha parella sabe que vai ter asegurada a educación dos seus fillos e fillas na contorna próxima, é moito máis probable que se decante por permanecer no lugar que se o acceso á educación pública depende de se o resto da veciñanza decide formar familias no mesmo período.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Como estima a Xunta de Galicia que pode afectar o peche das escolas unitarias á fixación da poboación?
- E a natalidade? Pensa que o recorte de servizos é compatible con facer atractivo o noso territorio para a xente moza?
- Cre que é posible que a xente nova emigrada retorne á nosa terra para formar as súas familias cando é posible que nas súas vilas de orixe non teña acceso á educación que precisan as súas crianzas?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34285
Data envío: 02/08/2018 14:30:05.790



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2018 14:26:42

Luca Chao Pérez na data 02/08/2018 14:26:56

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 34612(10/POC-005479)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación do castro da Coroa, en Chavaga, logo dos traballos de retirada de madeira queimada da zona como consecuencia da vaga de lumes de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2018 13:23
Nº Rexistro: 34612
Data envío: 13/08/2018 13:23:59.436



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

A vaga de lumes de outubro de 2017 afectou á parroquia monfortina de Chavaga. Días despois do incendio xa comezaron os traballos de retirada de madeira queimada da zona, que duraron uns sete meses, tendo traballado, en ocasións, día e noite a maquinaria pesada para retirala. Mesmo se comezou a retirar madeira cando aínda, logo das choivas, moitas das zonas eran un barrizal.

Estes traballos no Monte do Castro orixinaron desperfectos, pois abríronse pistas que non respectaron os camiños existentes e, nin sequera, un muro perimetral que existe nunha das cotas do monte, no contorno de protección do castro.

O Monte do Castro é un alto duns 500 m sobre o nivel do mar no que consta un xacemento catalogado (Castro da Coroa ou de Cabo), coa referencia GA27031013, un castro adscrito á Idade do Ferro, conformado por dúas plataformas circundadas por cadanseu terraplén, cunhas dimensións importantes. Considérase que tivo reocupación en época sueva, pois é citado no Parrochiale suevum

Na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o Capítulo IV regula o réxime específico de protección dos bens catalogados, como é o caso do Castro da Coroa. Así, “as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural



cando teñan por obxecto”, entre outras, “a implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais” e “as remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico”.

Asemade, conforme ao artigo 46, “o contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais” e, en concreto, terase en conta como criterio específico “evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno” e “procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes”. Tamén, “manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes”.

No castro de Chavaga realizáronse remocións de terra que alteraron a topografía orixinal e que non respectaron a rede de camiños tradicionais. Así mesmo, destruíuse parte dun muro dunha das cotas do monte.

No eido do coidado do Patrimonio, a descoordinación entre Administracións encargadas de velar polo mesmo – Xunta, Concellos, forzas e corpos de seguridade – e, mesmo a descoordinación entre as propias Consellerías da Xunta – Medio Rural e Cultura – é unha constante. Na provincia de Lugo hai exemplos abondosos de xacementos arqueolóxicos arrasados ou danados por traballos como a retirada de madeira, ben se trate de elementos catalogados ou non.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes Preguntas:

1. É coñecedora a Xunta do estado actual do Castro da Coroa, en Chavaga?



2. Realizou a Xunta, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, algún tipo de seguimento dos traballos de corta e traslado de madeira queimada no Castro da Coroa, en Chavaga?
3. Por que non fixo a Xunta unha avaliación do estado do xacemento arqueolóxico citado logo dos lumes de outubro de 2017?
4. Vai a Xunta realizar algunha inspección sobre o terreo para determinar o estado de afectación do Castro da Coroa?
5. Considera a Xunta axeitada a intervención realizada para a corta e traslado de madeira na parroquia de Chavaga?
6. Concedeu a Xunta os permisos pertinentes para os traballos de corta e traslado de madeira no Castro da Coroa en Chavaga? En que data ou en que datas?
7. Ten prevista a Xunta algunha actuación de investigación ou de conservación no Castro da Coroa?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/08/2018 13:22:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2018 13:23
Nº Rexistro: 34612
Data envío: 13/08/2018 13:23:59.436